



Asunto: Informe de Intervención con motivo da aprobación do proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2018 (expte. 49-142).

Remitada a esta intervención o 30 de outubro de 2017 o proxecto de Orzamento xeral do Excmo. Concello de Vigo e o do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2018, con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto nos artigos 168.4 e 214 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 18.4 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais, ten a ben emitir o seguinte

Informe:

Primeiro.- Normativa de aplicación.

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en adiante TRLRFL), e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais (RO).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigo 4.1 h)).
- Orde EHA/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

Segundo.- Definición e contido.

O orzamento xeral da entidade local constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente.

Tendo en conta que non consta a existencia de sociedades mercantís cuxo capital social pertenza na súa integridade á entidade local, e que con efectos do 1 de xaneiro do ano 2016 produciuse a extinción dos organismos autónomos locais Instituto Municipal dos





Deportes, Escola Municipal de Artes e Oficios e Parque das Ciencias – Vigozoo, conforme dispoñen os artigos 164.1 TRLRFL e 6 RO, no proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018 que se presenta nesta Intervención para o seu preceptivo informe, intégranse unicamente os orzamentos da propia entidade e o do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo (en adiante, XMU).

En cumprimento do disposto no artigo 165 do TRLRFL, cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral contén:

- Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.
- As bases de execución dos orzamentos, comúns para o Concello e a XMU, así como as específicas da XMU.

Terceiro.- Anexos e documentación complementaria.

Ao proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo acompañanse os seguintes anexos e documentación complementaria, de conformidade co disposto nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL:

- ✓ Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.
- ✓ Liquidación do orzamento do exercicio 2016.
- ✓ Avance da liquidación do orzamento do exercicio 2017, referida, polo menos, a seis meses do exercicio, e estimación da liquidación do orzamento referida a 31 de decembro.
- ✓ Informe da xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación ao capítulo I do estado de gastos do proxecto de orzamento.
- ✓ Certificación da sesión da Mesa Xeral de Negociación de 26/10/2017 na que se abordou, entre outros asuntos, o capítulo I de gastos do proxecto de orzamentos, na que se da conta da documentación seguinte:
 - Informe denominado borrador técnico do capítulo I, no que se inclúe o denominado “anteprojecto” do capítulo 1 e a súa valoración, dándose a oportuna correlación coas dotacións económicas incluídas no capítulo 1 do orzamento de gastos.
 - Informe da técnica de Formación e Avaliación da área de Recursos Humanos e Formación de data 25/10/2017.
 - Documento no que se cuantifica, para cada un dos programas de gasto, o importe que corresponde á cada un dos subconceptos do capítulo I da clasificación económica de gastos segundo a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades





Locais, así como o importe correspondente a cada un dos códigos do complemento específico asignado a cada un dos postos de traballo contidos na relación de postos de traballo do Concello de Vigo.

- ✓ Relación dos investimentos a realizar no exercicio.
- ✓ Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos.
- ✓ Anexo con información relativa aos convenios subscritos coa Xunta de Galicia en materia de gasto social, asinado con data 26 de setembro de 2017 polo xefe de área de Política Social, no que comunica que na actualidade a concellería de Política Social non ten asinado ningún Convenio coa Xunta de Galicia polo que reciba financiamento para gasto social, e que para a cofinanciación de CEDRO se asina un convenio entre a Comunidade Autónoma e a FEGAMP, ao que se adhiere o Concello de Vigo, que este ano aínda non se asinou.
- ✓ Un informe económico-financieiro de ingresos elaborado pola Dirección de Ingresos e un informe económico-financieiro de gastos elaborado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación, nos que se expoñen as premisas utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.
- ✓ Informe do Interventor Xeral Municipal de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.
- ✓ Os plans e programas de investimento e financiamento para un prazo de catro anos. O plan de investimentos complétase co programa financeiro, que contén:
 - a) O investimento previsto a realizar en cada un do catro exercicios.
 - b) Os ingresos de capital que se prevexan obter nos devanditos exercicios, así como unha proxección do resto dos ingresos previstos no citado período.
 - c) Ás operacións de crédito que resultan necesarias para completar o financiamento, con indicación dous custos que vaian xerar, non estando prevista a concertación de operacións de endebedamento no citado período.
- ✓ O estado de consolidación do orzamento da propia entidade co do orzamento da XMU. Este documento supón que "los presupuestos de los distintos entes con personalidad jurídica que realicen actividades municipales se unifican, eliminándose las posibles duplicidades, en cuanto a gastos e ingresos recíprocos, que puedan darse entre sí. Esto permite aportar la visión real de toda la actividad económico-financiera del ente, independientemente de las formas de gestión de los servicios que hayan sido elegidas" [Alarcón García, 1996, p.100].
- ✓ O estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do





exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia ao mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.

As consideracións que son obxecto de avaliación no presente documento corresponden ao proxecto de orzamento xeral sometido a informe. No caso de que o proxecto analizado sufra algunha modificación durante a súa tramitación, como consecuencia da aprobación dalgunha ou todas as emendas presentadas a éste, o proxecto modificado poderá requirir a emisión dun novo informe complementario ao presente, en particular se afectan á regra do gasto ou á estabilidade orzamentaria.

Cuarto.- Estrutura orzamentaria.

O proxecto de orzamentos do Concello e o da XMU estrutúrase de acordo coas clasificacións establecidas na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, ditada en cumprimento do disposto no artigo 167 do TRLRFL.

Deste xeito, os créditos incluídos no estados de gastos do orzamento clasifícanse segundo os seguintes criterios:

- a) Pola finalidade dos créditos e obxectivos que con eles se pretende: Áreas de Gasto, Políticas de Gasto, Grupos de Programas e Programas.
- b) Pola natureza económica: capítulos, artigos, conceptos, subconceptos e partidas.

A aplicación orzamentaria, cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, ven definida pola conxunción da clasificación por programas e a partida económica, e constitúe a unidade elemental da información sobre a que se efectuará o control contable dos créditos e as súas modificacións.

A clasificación por programas estrutúrase con catro díxitos, representando o primeiro a Área de gasto, o segundo as Políticas de gastos, o terceiro o Grupo de programas e o cuarto o Programa.

A clasificación económica estrutúrase con sete díxitos, o primeiro define o capítulo, o segundo o artigo, o terceiro o concepto, o cuarto e quinto o subconcepto e o sexto e sétimo a partida.

A clasificación dos ingresos realízase conforme a súa natureza económica con tres niveis: Capítulo, artigo e concepto, ampliable ata o nivel de subconcepto, sendo este último o desenvolvemento que se fai na estrutura do estado de ingresos.

Quinto.- Prazo de presentación.

Tendo en conta a data na que foi recibido nesta Intervención o expediente para a aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2018 –o 30





de outubro-, o citado expediente tramítase fora dos prazos establecidos no TRLRFL e no RO¹, xa que o expediente completo debería terse recibido na Intervención non máis tarde do 30 de setembro, e remitido ao Pleno antes do día 15 de outubro.

En calquera caso, hai que ter en conta que, de acordo cos apartados 2 e 3 do artigo 48 da LPAC², a propia presunción de validez e o principio antiformalista co que debe conectarse neste punto, obrigan a non poñer a forma por encima doutros valores como a eficacia ou a garantía de dereitos. É dicir, a rigorosidade na tramitación e cumprimento dos prazos debe así flexibilizarse nos supostos nos que, de acordo con devanditos valores, perda o seu sentido, como é o caso que nos ocupa.

Sexto.- Equilibrio e nivelación orzamentaria.

A análise do equilibrio orzamentario pode realizarse dende diferentes ámbitos ou perspectivas, uns esixidos pola normativa vixente e outros necesarios para a realización da análise económica.

En consecuencia, podemos distinguir os seguintes:

a) Equilibrio orzamentario do art. 165.4 do TRLRFL.

O equilibrio orzamentario é interpretado xenéricamente como a búsqueda de nivelación ou equivalencia entre a totalidade de ingresos e gastos incluídos no orzamento, de forma que os créditos inicialmente aprobados non poderán ser superiores ás previsións de ingresos inicialmente efectuadas.

No ámbito local, así aparece recollido nos artigos 165.4 do TRLRFL e 16 do RO ao dispoñer que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial, isto é, que os ingresos totais previstos deben ser iguais ou superiores aos gastos totais previstos.

¹ O artigo 168.4 do TRLRFL dispón que a remisión ao Pleno do proxecto de orzamento xeral para a súa aprobación inicial, emenda ou devolución deberá realizarse antes do 15 de outubro do ano anterior ao que vai ter os seus efectos.

No mesmo sentido, o artigo 18.4 do RD 500/1190 establece que:

“Sobre a base dos Orzamentos e estados de previsión a que se refiren os apartados anteriores, o Presidente da Entidade formará o Orzamento Xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria detallada no artigo 12 e no presente artigo, ao Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación inicial, emenda ou devolución.

A remisión á Intervención efectuarase de forma que o Orzamento, con todos os seus anexos e documentación complementaria, poida ser obxecto de estudo durante un prazo non inferior a dez días e informado antes do 10 de outubro”.

² O artigo 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC, nos seus apartados 2 e 3, ao igual que establecía o artigo 63 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, dispón o seguinte:

“2. No obstante, el defecto de forma sólo determinará la anulabilidad cuando el acto carezca de los requisitos formales indispensables para alcanzar su fin o dé lugar a la indefensión de los interesados.

3. La realización de actuaciones administrativas fuera del tiempo establecido para ellas sólo implicará la anulabilidad del acto cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo”.





Neste sentido, cada un dos orzamentos que integran o proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo aparece formalmente nivelado nos seus importes de ingresos e gastos, polo que ningún deles presenta déficit inicial, dando cumprimento deste xeito ao disposto nos artigos 165.4 da TRLRFL e 16 do RO, tal e como podemos comprobar no seguinte cadro-resumo:

Orzamento	Concello de Vigo	XMU	Consolidado
Estado de gastos	252.987.008,61	10.704.600,00	256.542.696,14
Estado de ingresos	252.987.008,61	10.704.600,00	256.542.696,14
Superávit (+) ou Déficit (-)	0,00	0,00	0,00

b) Déficit ou superávit por operacións correntes.

O artigo 5 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, dispón que a clasificación económica dos gastos agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9) de acordo coa estrutura que se detalla no anexo III da mesma.

Pola súa beira, o artigo 9 da citada Orde establece que as previsións incluídas nos estados de ingresos do orzamento da entidade local clasificaranse separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9), de acordo coa estrutura se detalla no anexo IV desta orde.

Seguindo esta clasificación, o proxecto de orzamento para o ano 2018 presenta o seguinte desglose:

	Concello	XMU	Consolidado
PREVISIÓNS INGRESO OPERAC. CORRENTES	233.795.766,85	7.379.600,00	234.026.454,38
CRÉDITOS GASTO POR OPERAC. CORRENTES	220.279.581,70	6.978.700,00	220.109.369,23
SALDO POR OPERACIÓNS CORRENTES	13.516.185,15	400.900,00	13.917.085,15

c) Déficit ou superávit por operacións non financeiras: Saldo orzamentario non financeiro ou capacidade de financiamento (sen axustes SEC 95).

Seguindo a clasificación prevista no apartado anterior:

	Concello	XMU	Consolidado
PREVISIÓNS DE INGRESO POR OPERAC. NON FINANCEIRAS	252.341.008,61	10.679.600,00	255.871.696,14





CRÉDITOS DE GASTO POR OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	252.341.008,61	10.679.600,00	255.871.696,14
SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	0,00	0,00	0,00

d) Análise dos fluxos orzamentarios: Aforro bruto e aforro neto.

A doutrina acuñou os termos aforro bruto e aforro neto para referirse aos fluxos que foron tradicionalmente empregados na análise orzamentaria, confirmando a tradicional esixencia da busca do equilibrio entre os recursos ordinarios ou correntes (capítulos 1 a 5 do estado de ingresos) e as obrigas derivadas de operacións ordinarias, correntes e financeiras (capítulos 1 a 5 e 9 do estado de gastos).

O cálculo de fluxos orzamentarios permite comprobar a existencia de equilibrio nas operacións de carácter ordinario e, por conseguinte, detectar as posibles tensións financeiras da entidade local.

O aforro bruto calcúlase como a diferenza entre os ingresos e os gastos de natureza corrente, que se caracterizan polo seu carácter recorrente ou habitual. Lóxicamente, a correcta interpretación desta magnitude esixe a depuración daqueles ingresos clasificados como correntes que non teñen carácter normal ou ordinario, e de aqueles que, pola súa natureza afectada, deban destinarse necesariamente a financiar gastos de inversión tales como as contribucións especiais, as cotas de urbanización ou os aproveitamentos urbanísticos.

O aforro bruto representa, polo tanto, o exceso de financiamento derivado das operacións correntes. Unha parte deste superávit debe ir destinado á devolución da débeda que vence no exercicio, recibindo a diferenza resultante a denominación de aforro neto. Se o aforro neto é positivo, destinarase a financiar os gastos orixinados polas operacións de inversión, xunto cos recursos procedentes de tales operacións. Se, polo contrario, o aforro neto é negativo, a entidade terá que recurrir á débeda ou á enaxenación de inversións para poder atender ao pago da carga financeira ou incluso as obrigas correntes.

Non debemos confundir o aforro neto orzamentario a que nos estamos a referir co aforro neto legal definido no artigo 53 do TRLRFL, necesario para determinar a necesidade ou non de obter autorización previa do órgano de tutela financeira para a concertación de operacións de crédito a longo prazo.

Deste xeito, a análise dos fluxos orzamentarios permite verificar, en definitiva, que os recursos procedentes do endebedamento e os demais ingresos extraordinarios ou non correntes, unicamente se empregan para os fins previstos na lexislación vixente, evitando os riscos dunha posible descapitalización da entidade.

Análise de fluxos orzamentarios:

Orzamento	Concello de Vigo	XMU	Consolidado
+ Ingresos correntes (capítulos 1 a 5)	233.795.766,85	7.379.600,00	234.026.454,38





- Ingresos correntes extraordinarios	0,00	133.100,00 (1)	133.100,00
- Ingresos correntes afectados a inversións	1.000.000,00 (2)	0,00	1.000.000,00
- Gastos correntes (capítulos 1 a 5)	220.279.581,70	6.978.700,00	220.109.369,23
Aforro bruto orzamentario	12.516.185,15	267.800,00	12.783.985,15
- Gastos amortización débeda (cap. 9)	0,00	0,00	0,00
Aforro neto orzamentario	12.516.185,15	267.800,00	12.783.985,15

- (1) Axuda CCAA redacción PXOM
(2) Contribucións especiais incendios

Do que resulta que, dende un punto de vista dos fluxos orzamentarios, os proxectos de orzamentos do Concello de Vigo e a XMU, tanto analizados individualmente como en termos consolidados, se presentan equilibrados e con nivelación orzamentaria, de modo que os ingresos correntes ordinarios resultan suficientes para financiar a totalidade dos gastos correntes e as amortizacións dos pasivos financeiros do exercicio, resultando un aforro neto orzamentario que permite a financiación de novos gastos de capital por importe de 12.783.985,15 euros en termos consolidados.

En consecuencia, o aforro bruto orzamentario financia a formación de capital e a necesidade de financiación.

Sétimo.- Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O artigo 165 do TRLRFL establece que o orzamento xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, e así, o artigo 11.4 LOEOSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Pola súa banda, o art.º 4.1 do RDLEP dispón as entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas, que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

Para estes efectos, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, se é o caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor (artigo 15 RDLEP).

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponde á Intervención local (art. 16 RDLEP), que elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. Este informe emitirase con carácter independente e incorporarse aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das





Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

Por este motivo tense incorporado ao expediente informe independente desta Intervención de data 2 de novembro de 2017 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no que se conclúe que o proxecto de orzamento consolidado do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Oitavo.- Bases de execución dos orzamentos.

As bases de execución conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade e dos seus organismos autónomos, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento (arts. 165.1 da TRLRFL e 9 do RO).

a) Contido mínimo. As bases de execución incluídas no proxecto de orzamento xeral do ano 2018 inclúen a regulación necesaria das materias a que se refire o art.º 9.2 do RO:

Materia	Base reguladora
niveis de vinculación xurídica dos créditos	4ª
relación expresa e taxativa dos créditos que se declaren ampliables, con detalle dos recursos afectados	13.2ª
regulación das transferencias de créditos, establecendo, en cada caso, o órgano competente para autorizalas	9ª
tramitación dos expedientes de ampliación de créditos	13ª
tramitación dos expedientes de xeración de créditos	10ª
tramitación dos expedientes de incorporación de remanentes de créditos	11ª
normas que regulen o procedemento de execución do orzamento	14ª e seguintes
desconcentracións ou delegacións en materia de autorización e disposición de gastos, así como de recoñecemento e liquidación de obrigas	15ª e seguintes
documentos e requisitos que, de acordo co tipo de gastos, xustifiquen o recoñecemento da obriga	19ª
forma na que os perceptores de subvencións deban acreditar o atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais e xustificar a aplicación de fondos recibidos	38ª
supostos nos que poidan acumularse varias fases de execución do orzamento de gastos nun só acto administrativo	14ª





normas que regulen a expedición de ordes de pago a xustificar e anticipos de caixa fixa	23ª e 24ª
regulación dos compromisos de gastos plurianuais	26ª

b) Os niveis de vinculación xurídica establecidos na base 4ª.2 de execución dos orzamentos son os seguintes:

1. Capítulos I, III, VIII, e IX: Áreas de gasto e capítulo. Con todo, terán carácter vinculante co nivel de desagregación económica con que aparezan nos estados de gastos, os incentivos ao rendemento (produtividade e gratificacións).
2. Capítulo II e IV, a vinculación será por programa e artigo. Maila o anterior, se a aplicación xorde como consecuencia dunha xeración de crédito ou crédito extraordinario, a vinculación será consigo mesma, é dicir, (aplicación orzamentaria) programa de gasto e partida económica.
3. As aplicacións que conforman os capítulos VI e VII financiados con recursos propios, o seu nivel de vinculación será o do programa e artigo.
4. A Aplicación do Fondo de Continxencia, 9290.5000000, non vincula con ningunha.

Se a aplicación xorde como consecuencia dunha xeración de crédito, dun crédito extraordinario ou con calquera tipo de financiamento afectado, o seu nivel de vinculación será consigo mesma, é dicir, aplicación (programa e partida), coa excepción no caso da xeración de crédito, que a mesma se faga sobre unha aplicación que xa tiña consignación, neste caso, a vinculación manterá o nivel de vinculación previsto inicialmente.

Estes niveis de vinculación xurídica dos créditos considéranse acertados para unha adecuada xestión dos gastos, conforme á experiencia tida na xestión orzamentaria dos últimos anos.

c) Fondo de continxencia de execución orzamentaria.

A lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, estableceu un novo marco de xestión orzamentaria para todas as Administracións Públicas, e así estende a determinadas Corporacións Locais, entre as que se atopa o Concello de Vigo, a obrigatoriedade de incluír nos orzamentos un fondo de continxencia para poder facer fronte a determinadas necesidades de gasto non previstas nas dotacións iniciais do orzamento³.

³ O artigo 31 da LOEOSF establece que "O Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais incluírán nos seus orzamentos unha dotación diferenciada de créditos orzamentarios que se destinará, cando proceda, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio.

A contía e as condicións de aplicación da devandita dotación será determinada por cada Administración Pública no ámbito das súas respectivas competencias".





O Concello de Vigo, a través da base 5ª bis de execución dos orzamentos para 2017, regula de forma específica a dotación ao Fondo de Continxencia na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 euros, nos seguintes termos:

- “1.- (...) o Fondo de Continxencia, dótese na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 euros.
- 2.- O Fondo destinarase exclusivamente a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado (...).
- 3.- A aplicación orzamentaria do Fondo vincúlase consigo mesma. Con cargo ao Fondo, non poderá imputarse directamente gasto algún. Tan só será utilizable, sempre que non existan outros recursos orzamentarios-financeiros para facer fronte ás necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado.
- 4.- O Fondo poderá financiar modificacións orzamentarias cualificadas como Suplementos de Crédito ou Créditos Extraordinarios para atender aquel tipo de necesidades excepcionais. O expediente de modificación de créditos financiado co Fondo de Continxencia, será aprobado polo Pleno da Corporación con suxeición aos requisitos previstos no TRLRFL, e acreditarase tanto o carácter non discrecional do gasto como a imposibilidade da súa previsión no Orzamento inicial.”

En canto á finalidade e condicións de aplicación, a regulación contida na base 5ª bis estímase congruente coas esixencias establecidas no antedito precepto da LOEOSF.

No que atinxe a súa contía, a dotación orzamentaria establecida supón un 0,24% do importe total dos gastos non financeiros do Concello de Vigo –capítulos 1 a 7-, excluído o importe do propio Fondo, polo que, no caso de resultar preciso a súa utilización, as necesidades cubertas polo Fondo terán o seu límite cuantitativo na citada dotación orzamentaria.

d) Dotación a saldos de dudoso cobro.

A base 54ª establece os coeficientes para a dotación dos dereitos pendentes de cobro que se consideran de difícil ou imposible recadación, dende o 80% ata o 100%, en función da antiguidade dos mesmos.

O artigo 193.bis do TRLRFL, incorporado pola Lei 27/2013, establece que os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 25 por cento. Os correspondentes ao exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 50 por cento, o cuarto e quinto, nun 75 por cento, e os superiores, nun 100 por cento; polo que as porcentaxes de dotación previstas na base 54ª son superiores ás dotacións mínimas previstas no citado artigo 193 bis do TRLRFL, dándose cumprimento deste xeito ao disposto no citado precepto.

e) Outras consideracións.

Tendo en conta que as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos para o exercicio 2018 conteñen aspectos que teñen incidencia sobre a xestión de determinados gastos (personal, subvencións, convenios, ...), resultaría recomendable que na fase de elaboración das mesmas tiveran participación as diferentes





Áreas e/ou Servizos chamados a cumprilas xa que o seu obxectivo debe de ser facilitar e mellorar a xestión orzamentaria local.

Por outra parte, unha vez examinado o seu contido e amplitude –máis de 100 páxinas-, e aínda que non resulta preceptivo o informe da Asesoría Xurídica Municipal nin da Secretaría, xa que os Orzamentos Xerais apróbanse por maioría simple, resultaría recomendable a incorporación dun informe xurídico, dado que as funcións da Intervención son alleas ao asesoramento legal, para garantir a súa corrección xurídica, fundamentalmente en materias como a provisión de postos, reasignación de efectivos ou encomendas de funcións, pois non podemos olvidar, en relación á regulación da función pública local, que resulta preferente a aplicación da lexislación básica estatal sobre a lexislación autonómica sobre función pública (por todas, Sentenza 120/2017, de 1 de marzo de 2017, do TSX de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª).

Noveno.- Estado de gastos.

A nivel consolidado, o Proxecto de Orzamento Xeral presenta uns créditos de 256.542.696,14 euros, o que supón un incremento do 10,06 por cento respecto ao orzamento inicial do exercicio anterior, ou o que é o mesmo 23.448.102,61 euros máis que no ano 2017. Se a análise comparativa a facemos respecto ao Orzamento Non Financeiro a variación entre ambos os dous exercicios é tamén positiva e supón un total de 23.449.962,61 euros de incremento en 2018 sobre 2017, é dicir un 10,08 por cento máis, en termos porcentuais.

PROYECTO DE ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS DO CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS (DISTRIBUCIÓN POR CAPÍTULOS)

CAPÍTULOS	PROYECTO DE ORZAMENTO 2018	ORZAMENTO 2017	VARIACIÓN % 18/17
1 GASTOS DE PERSOAL	69.712.103,38	68.531.459,73	1,72%
2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	121.690.910,43	119.645.166,67	1,71%
3 GASTOS FINANCEIROS	3.530,00	7.030,00	-49,79%
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	28.102.825,42	27.061.579,13	3,85%
5 FONDO CONTINXENCIA E IMPREVISTOS	600.000,00	600.000,00	0,00%
GASTOS CORRENTES	220.109.369,23	215.845.235,53	1,98%
6 INVERSIÓNS REAIS	34.781.257,41	16.221.498,00	114,41%
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	981.069,50	355.000,00	176,36%
OPERACIÓNS DE CAPITAL NON FINANCEIRAS	35.762.326,91	16.576.498,00	115,74%





GASTOS NON FINANCEIROS	255.871.696,14	232.421.733,53	10,09%
8 ACTIVOS FINANCEIROS	671.000,00	672.860,00	-0,28%
9 PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	671.000,00	672.860,00	-0,28%
TOTAL GASTOS	256.542.696,14	233.094.593,53	10,06%

A distribución por aplicacións do Orzamento Xeral do Concello de Vigo e o da XMU, así como as variacións con respecto ao exercicio precedente, son obxecto de análise detallado tanto na memoria como nos informes económico-financeiros incorporados ao expediente.

Capítulo I: Gastos de persoal.

O Capítulo 1 "Gastos de Persoal" para 2018 ascende a 69.712.103,38 euros, dos cales, 65.770.783,38 euros corresponden ao Concello de Vigo e 3.941.320,00 á XMU. O orzamento total consolidado deste capítulo supón un incremento do 1,72 por cento respecto ao de 2017.

O importe total da valoración do anteproxecto do capítulo 1 feita pola Área de Recursos Humanos e Formación é coincidente co importe total consignado no capítulo 1º do estado de gastos, cuxas dotacións recollen remuneracións unicamente polos conceptos retributivos establecidos na normativa de función pública.

Segundo a documentación preparatoria do proxecto de Orzamento, as dotacións incluídas no capítulo I do estado de gastos recollen un incremento do 1% con respecto ás do exercicio 2017.

Neste aspecto, compre lembrar que recentemente, o Ministerio de Facenda decidiu aprazar a tramitación parlamentaria dos Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, o que conlevará a prórroga automática da Lei de Presupostos do ano 2017 ata que, de ser o caso, se aproben os novos e se apliquen de forma retroactiva con efectos do 1 de xaneiro de 2018.

No que se refire ás retribucións dos funcionarios públicos, segundo as últimas noticias publicadas, o Ministerio de Facenda negocia cos representantes sindicais dos empregados públicos un acordo salarial a tres anos que implica unha subida acumulada mínima do 5,25% que podería chegar ao 8% en función da evolución do crecemento da economía e do déficit público. Este incremento contempla unha subida fixa do 1,5% para 2018, do 1,75% para 2019 e do 2% para 2020, á que se sumaría unha alza adicional do 0,25% en 2018, do 0,5% en 2019 e outro 0,5% en 2020, se se cumpre a previsión de crecemento do Goberno, así como outra subida adicional do 0,5% en 2018 e outro 0,75% en 2019 e en 2020 no caso de que se superase en catro décimas a previsión do PIB; e poderíase aínda engadir outra alza adicional de medio punto se se cumpre o obxectivo de déficit no ano 2020.





En resumo, as actuais negociacións entre o Ministerio de Facenda e os representantes sindicais dos empregados públicos contemplan unha subida mínima para o ano 2018 do 1,5% e máxima do 2,25% para as retribucións dos funcionarios públicos, polo que, tendo en conta que o capítulo 1 do estado de gastos recolle soamente un incremento retributivo do 1%, o recoñecemento de calquera incremento superior a esta porcentaxe requirirá a previa transferencia de crédito ás correspondentes dotacións do capítulo 1 do estado de gastos, polo que resultaría aconsellable que as dotacións correspondentes aos posibles incrementos retributivos adicionais que se poidan recoller na futura Ley de Orzamentos de Estado para o ano 2018, dada a súa incerteza, se recolleran nunha aplicación do capítulo 5 de gastos "Fondo de continxencia e imprevistos". En calquera caso, durante a vixencia, no ano 2018, dunha eventual prórroga da LPXE 2017, as retribucións do persoal do sector público quedarían conxeladas nas contías vixentes en 2017, xa que a prórroga afecta os créditos pero non ás normas da Lei de Orzamentos Xerais do Estado que teñan unha vixencia anual, como sucede coas normas que establecen limitacións aos incrementos retributivos⁴.

Segundo os datos incorporados ao expediente, un incremento adicional do 1% nas retribucións dos empregados públicos municipais suporía para o Concello de Vigo un gasto adicional de 455.000,00 euros aproximadamente, polo que de resultar finalmente aprobada a LOXE para o ano 2018 nos termos das negociacións que se viñan mantendo ata o de agora, o maior gasto situaríase entre 227.500,00 euros, para unha subida total do 1,5%, e 569.000,00 euros aproximadamente, se a subida é do 2,25%. En ambos casos, o gasto poderíase financiar con cargo aos créditos non gastados das prazas vacantes que se atopen dotadas orzamentariamente, ou mediante un suplemento de crédito financiado con cargo ao Fondo de Continxencia.

Ademais as retribucións dos funcionarios do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos consignadas no proxecto de orzamentos e documentación anexa, axústanse na súa contía e distribución, no que se refire ao soldo, trienios, pagas extraordinarias e complemento de destino, ao establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, de conformidade co disposto nos artigos 2 e 3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

Límites á contía global dos complementos específicos, de produtividade e gratificacións.

Según o disposto no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, a cantidade que resulte de restar á masa retributiva global presupostada para cada exercicio económico, excluída a referida al personal laboral, a suma das cantidades que ao personal funcionario lle correspondan polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino, destinarase:

⁴ Neste sentido, informe da Subdirección Xeral de Ordenación Normativa e de Recursos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de data 4 de outubro de 2016, en relación cunha consulta dun Concello sobre as consecuencias que a prórroga orzamentaria en 2017 tería sobre os gastos de persoal.





- Ata un máximo do 75 por 100 para complemento específico, en calquera das súas modalidades, incluíndo o de penosidade ou peligrosidade para a Policía Municipal e Servizo de Extinción de Incendios.
- Ata un máximo do 30 por 100 para complemento de produtividade.
- Ata un máximo do 10 por 100 para gratificacións.

Examinadas as cifras presupostadas, obtéñense as seguintes porcentaxes:

Base de cálculo: 15.429.357,80 (Complemento específico, produtividade, gratificacións e aportacións do Concello ao Plan de Pensións)

Descrición	Importe	Porcentaxe	Porcentaxe límite	Importe límite
Complemento específico funcionarios	14.786.628,47	91,73%	75,00%	12.089.807,60
Complemento produtividade	400.000,00	2,48%	30,00%	4.835.923,04
Gratificacións	400.000,00	2,48%	10,00%	1.611.974,35
Aportacións Concello ao Plan de Pensións	533.115,00	3,31%		
Base de cálculo	16.119.743,47			

Polo que, se temos en conta as cifras orzamentadas, o importe correspondente ao complemento específico dos funcionarios supera a porcentaxe máxima do 75% da masa retributiva establecida no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, polo que na fase de execución e liquidación orzamentaria deberá verificarse o cumprimento dos anteditos límites, de xeito que ao final do exercicio a contía total dos citados conceptos retributivos non exceda dos importes máximos sinalados. En calquera caso, as contías máximas previstas na Disposición Adicional 7ª das Bases de Execución dos Orzamentos, 2 millóns de euros para o complemento de produtividade e 1,5 millóns para gratificacións, atoparíanse dentro dos límites sinalados.

Polo que se refire á **plantilla orzamentaria**, o Concello de Vigo ten, segundo os datos incorporados pola área de Recursos Humanos e Formación, un total de 1.457 postos de traballo, dos que 294 atópanse vacantes (o 20,17%).

En relación coa **Oferta de Emprego Público**, conforme ao disposto na parte normativa da LOXE 2017 -artigo 19-, unicamente poderá procederse á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos no citado precepto, salvo a que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores.

Respectando, en todo caso, as disponibilidades orzamentarias do Capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, nos seguintes sectores a taxa de reposición (TRE) se fixará ata un máximo do 100 por cento:

- Persoal da Policía Local.





- Administracións Públicas respecto do control e loita contra a fraude fiscal, laboral, de subvencións públicas e en materia de Seguridade Social, e do control da asignación eficiente dos recursos públicos.
- Administracións Públicas respecto do asesoramento xurídico e a xestión dos recursos públicos.
- Persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios.
- Prazas de persoal que presta asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais.
- Prazas de persoal que realiza a xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego.
- Prazas de seguridade e emerxencias.
- Persoal de atención aos cidadáns nos servizos públicos.

Nos sectores e Administracións non recollidos no apartado anterior, a taxa de reposición fixarase ata un máximo do 50 por cento.

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máximo fixado aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se incorporaron nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non leven a reserva de postos de traballo. A estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna e as correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo mediante sentenza xudicial.

Esta previsión ten que ser conxugada coa esixencia contida no artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia⁵, do que se deduce que todos os

⁵ O artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón o seguinte:

"1. Las relaciones de puestos de trabajo serán objeto de las modificaciones necesarias para ajustarlas a la creación de puestos derivados de sentencias judiciales firmes que reconozcan situaciones laborales de carácter indefinido, cuando la persona afectada no pudiera ser adscrita a un puesto de trabajo vacante. La propuesta de modificación de la relación de puestos de trabajo deberá efectuarse en el plazo máximo de tres meses, a contar a partir de la fecha de la firmeza de la sentencia judicial.

2. Los puestos de trabajo creados en aplicación de lo previsto en este artículo se incluirán en las correspondientes relaciones de puestos de trabajo como puestos de personal funcionario o, excepcionalmente, de personal laboral cuando la naturaleza de sus funciones así lo requiera, y se incorporarán a la oferta de empleo público, salvo que se disponga su amortización.

3. Una vez modificada la relación de puestos de trabajo, la persona afectada será adscrita al puesto de nueva creación.

4. Incurrirán en responsabilidad, en los términos previstos por la presente ley, las personas que con su actuación irregular den lugar a la conversión en indefinida de una relación laboral de carácter temporal o a la adquisición





postos ocupados por persoal declarado indefinido non fixo por sentenza non incluídos en anteriores ofertas de emprego teñen necesariamente que ser incluídos na primeira Oferta de Emprego Público que se aprobe⁶.

En relación coas prazas de persoal que presta asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais e o que realiza a xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego, Policía Local, así como o persoal que preste servizos en materia de xestión tributaria e recadación e de inspección e sanción de servizos e actividades, ademais da taxas de reposición indicadas, poderán dispoñer dunha taxa adicional para estabilización de emprego temporal que incluírá ata o 90 por cento das prazas que, estando dotadas presupuestariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2016, de modo que a taxa de cobertura temporal en cada ámbito deberá situarse ao final do período por baixo do 8 por cento.

A articulación destes procesos selectivos garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Da resolución destes procesos non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos, debendo ofertarse nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se atopen desempeñadas por persoal con vinculación temporal.

Ademais do previsto nos parágrafos anteriores, as administracións públicas, poderán dispoñer nos exercicios 2017 a 2019 dunha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal daquelas prazas que estean dotadas presupuestariamente e, desde unha data anterior ao 1 de xaneiro de 2005, viñesen estando ocupadas ininterrompidamente de forma temporal⁷.

Así mesmo, non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais. A estes efectos, a Xunta de Goberno Local, na sesión de data 20 de xuño de 2014, estableceu aqueles servizos e sectores que se consideran prioritarios no Concello de Vigo aos efectos de dar cumprimento ás limitacións á contratación de persoal temporal previstas nas sucesivas Leis de Orzamentos de cada ano, a cuxo texto me remito.

A taxa de reposición de efectivos correspondente a un ou varios dos sectores prioritarios poderá acumularse noutro ou outros dos sectores considerados no citado precepto ou naqueles Corpos, Escalas ou categorías profesionais dalgún ou algúns dos *de la condición de empleado público por una persona que no la ostentara.*"

⁶ No informe asinado polo funcionario técnico de organización e planificación de Recursos Humanos con motivo da tramitación da Oferta de Emprego Público do ano 2017, faise constar que existen un total de 31 prazas ocupadas por persoal indefinido non fixo por sentenza, que deberán incluírse na OEP do ano 2017.

⁷ Segundo o informe do funcionario técnico de organización e planificación de Recursos Humanos ao que fixemos referencia, existen 18 prazas ocupadas ininterrompidamente de forma temporal dende unha data anterior ao 1 de xaneiro de 2005.





mencionados sectores, cuxa cobertura se considere prioritaria ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

No capítulo I "Gastos de Persoal" tamén se inclúen, entre outros, os créditos necesarios para a **acción social**, así como para atender os gastos por **achegas aos plans de pensións** do persoal dependente do Concello de Vigo e da XMU.

Nos orzamentos aparecen consignadas as retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación nos termos e coas limitacións establecidas nos apartados 1 a 4 do artigo 75 da LRBRL.

As **retribucións dos membros da Corporación municipal** non superan, en ningún caso, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais, establecido, para os municipios con poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, en 80.000 euros, segundo a disposición adicional nonaxésima da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2014, modificada polo artigo undécimo do Real Decreto-lei 1/2014, de 24 de xaneiro, de reforma en materia de infraestruturas e transporte, e outras medidas económicas.

O número de **membros da Corporación que presta os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva**, nove, non excede do límite sinalado no apartado j) do artigo 75 ter da LRBRL, precepto engadido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, e aplicable a partir do 1 de xullo de 2015 segundo a Disposición Transitoria Décima da 27/2013 Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local⁸.

Así mesmo, o **número de postos de traballo de persoal eventual** incluídos na plantilla, vinte e un, non excede do límite sinalado no apartado f) do artigo 104 bis da LRBRL, precepto engadido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro e igualmente aplicable a partir do 1 de xullo de 2015 segundo a Disposición Transitoria Décima da 27/2013 Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local⁹.

Segundo o disposto no artigo 37 da Lei 7/2007, de 12 de abril, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público¹⁰, tamén forma parte da documentación incorporada ao expediente, acta da Mesa Xeral de negociación de data 26/10/2017.

⁸ Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 100.001 e 300.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de dezaioito.

⁹ Os Concellos de Municipios con poboación superior a 75.000 e non superior a 500.000 habitantes poderán incluír nos seus persoais postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder do número de concelleiros da Corporación local.

¹⁰ Artículo 37 TREBEP . Materias obxecto de negociación.
"1. Serán objeto de negociación, en su ámbito respectivo y en relación con las competencias de cada Administración Pública y con el alcance que legalmente proceda en cada caso, las materias siguientes:
a) La aplicación del incremento de las retribuciones del personal al servicio de las Administraciones Públicas que se establezca en la Ley de Presupuestos Generales del Estado y de las Comunidades Autónomas.
(...)."



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 28/12/2017 16:49	Páxina 18 de 33
Expediente 49/142	CSV: 22EE4-EEDAE-C4222-DB2BB	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



En definitiva, os créditos asignados ás aplicacións orzamentarias do capítulo 1º do estado de gastos estímase suficientes, globalmente considerados, para atender todas as retribucións fixas e variables e indemnizacións a satisfacer polo Concello de Vigo e os seus Organismos autónomos ao persoal que presta os seus servizos neles, os gastos por cotizacións obrigatorias aos distintos réximes de Seguridade Social, as prestacións sociais así como os gastos de natureza social realizados en cumprimento de acordos e disposicións vixentes.

Non obstante, se temos en conta os datos das últimas liquidacións orzamentarias aprobadas (2010 a 2016), podemos constatar como os créditos iniciais asignados ás aplicacións orzamentarias 9200.1500000 "productividade" e 9200.1510000 "gratificacións" unicamente representan, por termo medio, o 30,69% e o 27,54%, respectivamente, do importe total das obrigas recoñecidas a fin de exercicio, sendo a previsión da Área de Recursos Humanos que no ano 2018 se manteña esta tendencia de gasto.

Cadro: Execución orzamentaria aplicacións produtividade e gratificacións no período 2010-2016.

AÑO	PARTIDA	DOTACIÓN INICIAL	MODIFIC.	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% CRED. INIC./ OR	% OR / CRED. DEF.
2016	150 00	500.000,00	838.965,43	1.338.965,43	1.078.708,04	46,35%	80,56%
2015	150 00	301.437,49	1.653.010,34	1.954.447,83	1.769.596,44	17,03%	90,54%
2014	150 00	301.437,49	898.562,51	1.200.000,00	1.181.968,44	25,50%	98,50%
2013	150 00	400.000,00	615.479,02	1.015.479,02	888.085,56	45,04%	87,45%
2012	150 00	400.000,00	695.622,31	1.095.622,31	1.044.016,72	38,31%	95,29%
2011	150 00	400.000,00	992.744,61	1.392.744,61	1.217.358,09	32,86%	87,41%
2010	150 00	150.000,00	987.292,42	1.137.292,42	812.427,68	18,46%	71,44%

AÑO	PARTIDA	DOTACIÓN INICIAL	MODIFIC.	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% CRED. INIC./ OR	% OR / CRED. DEF.
2016	151 00	500.000,00	1.232.515,87	1.732.515,87	1.727.906,07	28,94%	99,73%
2015	151 00	500.000,00	988.861,56	1.488.861,56	1.478.786,31	33,81%	99,32%
2014	151 00	500.000,00	976.910,28	1.476.910,28	1.448.358,36	34,52%	98,07%
2013	151 00	500.000,00	1.014.326,00	1.514.326,00	1.472.177,68	33,96%	97,22%
2012	151 00	500.000,00	970.619,23	1.470.619,23	1.460.875,30	34,23%	99,34%
2011	151 00	500.000,00	1.332.024,04	1.832.024,04	1.825.167,86	27,39%	99,63%
2010	151 00	200.000,00	2.194.875,38	2.394.875,38	2.206.321,26	9,06%	92,13%

Por este motivo, tendo en conta que as dotacións iniciais previstas nas citadas aplicacións orzamentarias para o ano 2018 establécense en 400.000,00 euros para gratificacións e idéntica contía para o complemento de produtividade, a probable insuficiencia de crédito orzamentario para atender as obrigas xeradas con cargo ás mesmas, corríxase, de ser o caso, mediante a/as oportuna/s modificacións de créditos que se tramiten con cargo ás dotacións non consumidas como consecuencia da existencia dun elevado número de prazas vacantes non cubertas dotadas orzamentariamente. En calquera caso, lémbrese que calquera traballos, autorizacións ou encomendas que poidan conlevar o





recoñecemento dun complemento de produtividade ou unha gratificación, debe de ser obxecto de autorización previa polo órgano competente, momento no que se comprobará a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria que corresponda.

O mesmo pode concluírse con respecto a dotación adicional necesaria, de ser o caso, para facer fronte aos gastos imputables á aplicación 9200.1400000 “interinos sen praza” – cunha dotación inicial prevista de 200.000 euros-, dado que, tal e como pon de manifesto a técnica de Formación e Avaliación da área de recursos humanos no seu informe de data 25/10/2017, “*Ainda que o nomeamento de persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizárase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados no Acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/06/2014, anteriormente citado, como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, debido ao elevado número de vacantes existentes, o importe do gasto realizado na aplicación 920.0.1400000 vense incrementando ano tras ano*”, prevendo a citada funcionaria un gasto por este concepto de 2.956.649,37 euros no ano 2017.

Esta Intervención debe manifestar que a lexislación vixente configura o recurso ao nomeamento de personal funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de 6 meses, como unha modalidade de carácter excepcional e circunstancial, polo que non se debe de recorrer a este tipo de nomeamentos de forma habitual e continuada no tempo, tal e como ven sucedendo nestes últimos anos¹¹.

Polo contrario, de considerarse adecuada a dotación inicial destas aplicacións polo importe estimado anual, entendo que debería facerse unha amortización de prazas vacantes non incluídas nas ofertas de emprego público, liberando deste xeito crédito orzamentario para outras finalidades sen incrementar o teito de gasto. Por este motivo, para garantir unha adecuada estabilidade e equilibrio orzamentario, debe facerse un control e seguimento constante do capítulo 1 do estado de gastos dos orzamentos, así como da execución das Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores, de modo que se garanta en todo momento a suficiencia dos créditos presupostados para atender ao cumprimento dos gastos de persoal.

- **Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos.**

O capítulo II do proxecto de Orzamentos ascende a 119.979.042,90 euros, que supón unha variación positiva –incremento- do 1,57 por 100 sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2017, e representa un 47,42 por 100 respecto do total do orzamento e un 54,47 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros. En canto á variación positiva nos estados consolidados deste capítulo en relación co orzamento do ano 2017 é do 1,71 por 100.

Nos estados consolidados este capítulo ascende a 121.690.910,43 euros, representa o 47,43 por 100 sobre o orzamento total e o 55,29 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros.

¹¹ No informe de Recursos Humanos faise constar que debido ao elevado número de vacantes existentes, o importe do gasto realizado na aplicación orzamentaria 920.0.1400000 “outras modalidades persoal temporal non permanente” vense incrementando ano tras ano.





De acordo á Memoria e ao informe económico elaborado pola Dirección Orzamentaria, este capítulo recolle todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo, estando dotadas as aplicacións de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos, tanto as vixentes, por derivarse de compromisos de gasto de carácter plurianual asumidos nos exercicios 2017 e anteriores, como as que se prevén licitar no ano 2018. As aplicacións que forman este capítulo teñen recollidas as actualizacións de prezos conforme aos sistemas ou fórmulas de revisión previstas nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

- **Capítulos 3 e 9: Gastos financeiros e Pasivos financeiros.**

O **Capítulo 3** do Orzamento Consolidado para 2018 ascende unicamente a 3.530,00 euros, contía irrelevante sobre o importe total do estado de gastos.

Non se consigna importe algún para facer fronte ao aboamento de xuros de préstamos bancarios, xa que nin o Concello de Vigo nin a XMU teñen préstamos pendentes de reembolso coas entidades financeiras, nin se prevé a súa concertación ao longo do exercicio 2018 para o financiamento das inversións, razón polo que o peso ponderado deste capítulo sobre o total do Orzamento é absolutamente insignificante (0,00%).

Non se contemplan neste capítulo gastos financeiros devengados como consecuencia da posible concertación de operacións de crédito a curto prazo, estimándose razoable tal consideración habida conta de que non se prevén déficits transitorios de liquidez ao longo do exercicio, segundo o plan de tesouraría elaborado polo tesoureiro municipal. Nesta liña, esta Intervención estima que as existencias de tesourería a 31/12/2017 situaranse entre 80 e 90 millóns de euros polo que, en principio, non deben de existir tensións de liquidez ao longo do exercicio 2018.

O **Capítulo 9** do orzamento non recolle dotación orzamentaria algunha para facer fronte ás amortizacións das operacións de crédito a longo prazo pendentes de reembolso xa que, como temos dito, nin o Concello nin a XMU teñen débeda financeira.

Neste capítulo non se inclúen os saldos que debe reintegrar o Concello de Vigo ao Estado derivado das liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado correspondente aos exercicios 2008 e 2009 conforme ao disposto na DF Trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, que modifica o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, que computan, non como gasto, senón como menor ingreso.

- **Capítulo 4: Transferencias correntes.**

No estado de gastos prevese a concesión directa de numerosas **subvencións nominativas**, constando expresamente a dotación orzamentaria e o beneficiario de cada unha de elas, en cumprimento do disposto no artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Pola súa beira, o artigo 65 do RLXS define as





subvencións nominativas como aquelas nas que o obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen designados expresamente no estado de gastos do orzamento, razón pola que entendo que resultaría recomendable incluír anualmente nas Bases de Execución dos Orzamentos o detalle das subvencións nominativas incluídas nos estados de gastos do orzamento anual –beneficiario e importe-, coa especificación do seu obxecto ou xustificación.

A LXS prevé a posibilidade de conceder de forma directa, sen unha convocatoria aberta, as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario. Por conseguinte, nestas subvencións a execución do gasto subvencionado deberá coincidir co exercicio orzamentario xa que van ligadas ao orzamento anual.

Ademais, tendo en conta que o crédito orzamentario nominativo conleva un trato singular a favor dun terceiro –o beneficiario-, resultaría convinte que na documentación que integra o expediente orzamentario, memoria ou informe económico-financieiro de gastos, tal singularización se motive ou xustifique adecuadamente.

Lémbrese tamén a conveniencia de incorporar como subvencións nominativas nos orzamentos aquelas que regularmente se veñen concedendo ano tras ano, a determinadas persoas ou entidades por razón de interese público, social, económico ou humanitario ao abeiro do disposto no artigo 22.2.c) da Lei Xeral de Subvencións, dado que nestes supostos a citada norma prevé a súa concesión de forma directa con carácter excepcional.

Neste ámbito subvencional, e coa finalidade de regular un tratamento homoxéneo da relación xurídica das subvencións nas diferentes Administracións Públicas, aprobouse a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS). O art. 17.2 da Lei establece que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

En consecuencia, para garantir os principios que deben de rexer na xestión das subvencións, resultaría convinte iniciar ou continuar, de ser o caso, a tramitación administrativa da Ordenanza Xeral de Subvencións que xa foi informada pola Intervención Xeral o 13 de novembro de 2012.

Por fin, lembrar que a todo o proceso de concesión de subvencións deberá darse a publicidade oportuna conforme ás prescricións da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno.

- **Capítulos 6 e 7: Investimentos reais e transferencias de capital.**

O estado de gastos consolidado contempla operacións de capital non financeiro, investimentos e transferencias de capital, por importe de 35.762.326,91 euros, que





representan o 13,94% do importe total de dito orzamento, significando un incremento do 115,74% con respecto ás do exercicio 2017, isto é, un incremento en 19.185.828,91 euros.

No que se refire ao gasto en inversións (capítulo VI), o incremento con respecto ao exercicio 2017 é de 18.559.759,41 euros en termos consolidados, dos que 17.595.058,51 euros (o 94,80% do total do incremento) corresponden a proxectos de inversión financiados pola Deputación de Pontevedra e polo Fondo de Desenvolvemento Rexional FEDER.

Cadro: Financiamento das inversións previstas no Orzamento consolidado. Comparativa co ano 2017.

Financiamento das inversións						
Tipo de recurso	2018		2017		Diferenza 2018/2017	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%
Recursos propios	17.106.198,90	49,18%	16.221.498,00	100%	884.700,90	5,17%
Total recursos propios	17.106.198,90	49,18%	16.221.498,00	100%	884.700,90	5,17%
Deputación Pontevedra	7.291.693,03	20,96%	0,00	0,00%	7.291.693,03	100,00%
Fondos FEDER	10.303.365,48	29,62%	0,00	0,00%	10.303.365,48	100,00%
Empresas privadas	80.000,00	0,23%	0,00	0,00%	80.000,00	100,00%
Outros axentes	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00	0,00%
Total financiam. alleo	17.675.058,51	50,82%	0,00	0,00%	17.675.058,51	100,00%
Total Financiam. invers.	34.781.257,41	100,00%	16.221.498,00	100,00%	18.559.759,41	53,36%

No expediente orzamentario non consta un anexo de investimentos propiamente dito, co contido regulamentado no artigo 19 do RD 500/1990, de 20 de abril. No entanto, a información máis relevante de dito anexo pode atoparse no resto da documentación complementaria incorporada ao expediente. Deste xeito, o capítulo 6 componse de proxectos de inversión cuxa codificación, denominación e financiación inclúese na Memoria e no Plan de Investimentos e Financiamento -PAIF- do Orzamento Xeral para o exercicio 2018.

Segundo a memoria e o informe económico ao orzamento, as aplicacións orzamentarias do capítulo 6 recollen as anualidades correspondentes ao exercicio 2018 dos compromisos de investimentos plurianuais.

A execución dos proxectos financiados cos créditos do capítulo de investimentos ten que dar cumprimento aos límites da Regra de Gasto e garantir a consecución do obxectivo de estabilidade orzamentaria anual, polo que debe ser prioritario facer unha planificación na tramitación destes expedientes de modo que a execución dos proxectos de gasto se





acomode ás dotacións orzamentarias previstas para o exercicio, garantindo o cumprimento do principio de anualidade e evitando os riscos dunha posible inestabilidade orzamentaria derivada da necesidade de incorporar os remanentes de crédito non executados ao orzamento do exercicio seguinte. En calquera caso, debe de terse en conta que nas Corporacións Locais, para a determinación do gasto computable –suma dos empregos non financeiros en termos do Sistema Europeo de Contas excluídos os intereses da débeda-, deducirase a parte do gasto financiado con fondos finalistas da Unión Europea e doutras Administracións públicas.

No estado de gastos do orzamento constan, entre outras, a partida 3420 6320002 “2ª anualidade e 2ª fase do campo de futbol cabral carballa” cunha dotación inicial de 430.000,00 euros. Tal e como xa deixamos constancia no informe ao proxecto do orzamento xeral para os exercicios 2016 e 2017, esta aplicación orzamentaria debe referirse á previsión de realizar investimentos nunhas instalacións deportivas que non son de propiedade municipal.

A este suposto, realización de obras en terreos que non son propiedade do órgano de contratación, tense referido a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa no Informe 13/09, de 25 de setembro de 2009, nos seguintes termos:

“Una de las características del contrato de obras es que las mismas se ejecuten en un bien propiedad del órgano de contratación. A tal fin la Ley de Contratos del Sector Público en su artículo 110.1 dispone que aprobado el proyecto y previamente a la tramitación del expediente de contratación de la obra, se procederá a efectuar el replanteo del mismo, el cual consistirá en comprobar la realidad geométrica de la misma y la disponibilidad de los terrenos precisos para su normal ejecución, que será requisito indispensable para la adjudicación en todos los procedimientos, señalando el apartado 2 la excepción referida a tal requisito en los expedientes de contratación referentes a obras de infraestructuras hidráulicas, de transporte y de carreteras, en los que se dispensará del requisito previo de disponibilidad de los terrenos. Respecto de los casos de cesión de terrenos o locales el apartado 3 exige que tales cesiones se efectúen por Entidades públicas, indicando que será suficiente para acreditar la disponibilidad de los terrenos, la aportación de los acuerdos de cesión y aceptación por los órganos competentes.

La disponibilidad de los terrenos como documento incorporado al replanteo del proyecto, trámite que se verifica nuevamente en el acto de comprobación de replanteo, regulado en el artículo 212 de la Ley y en el artículo 139 del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, tiene por finalidad garantizar que el órgano de contratación dispone efectivamente de los terrenos sobre los que se ejecutarán las obras tanto en cuanto se refiere a la instrumentación del expediente como respecto de la posición que el contratista asume en el contrato, configurándose como señalamos por tal motivo como un requisito básico del contrato de obras.

La disponibilidad de los terrenos se acredita mediante el documento de titularidad del mismo con expresión de su libre disposición previo cumplimiento, respecto de las Entidades locales, de las disposiciones establecidas al efecto en el Reglamento de bienes de las Entidades Locales, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio, de las que cabe destacar la obligación de inscripción del bien en el Registro de la Propiedad y la incorporación al inventario de los bienes y derechos de la Entidad local.”

En definitiva, nos contratos de obras, consonte ao disposto no artigo 126 do





TRLCSF, previamente á tramitación do expediente de contratación deberá procederse a efectuar o replanteo do proxecto, que consiste, entre outros extremos, en verificar a disponibilidad dos terreos precisos para a súa execución, polo que, no caso que nos ocupa, tal disponibilidad requirirá a previa cesión dos bens por un período de tempo determinado.

Neste sentido, compre lembrar que a adscripción ou cesión gratuíta do uso de bens e dereitos, cando se realice por un período de tempo indefinido ou cando menos similar á vida económica do ben, suporá para a entidade receptora o tratamento como una subvención en especie recibida, dando de alta os bens polo seu valor razoable, e contablemente realizarase un cargo á conta (21) Inmovilizacións materiais e, polo contrario, cando a cesión se realice por un período de tempo inferior á vida económica do ben, a entidade beneficiaria rexistrará un inmovilizado intanxible polo valor razoable do dereito de uso do ben cedido.

No capítulo 6 do estado de gastos consolidado tamén consta, como contrapartida ao concepto de ingresos 60300, a aplicación orzamentaria de gastos 1510 6210000 "Recuperación Plan Panificadora". Tendo en conta que se trata dun proxecto de inversión a executar pola XMU, e que, como tal Organismo Autónomo Local, os seus orzamentos foron tramitados e propostos polo Consello da XMU, remítome ao dito no informe de fiscalización específico incorporado ao citado expediente no que se aborda esta cuestión de forma máis precisa.

Décimo.- Estado de ingresos.

O estado de ingresos do Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2018, que comprende o do Concello de Vigo e o da XMU, ascende a 256.542.696,14 euros, con un incremento do 10,06% respecto ao do exercicio 2017 (+23.448.102,61 euros).

O Proxecto de Orzamento consolidado de ingresos do Concello e a XMU para 2018, así como as súas variacións por capítulos respecto ao de 2017, recóllense no seguinte cadro:

PROXECTO DE ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS DO CONCELLO DE VIGO E XMU (DISTRIBUCIÓN POR CAPÍTULOS)

CAPÍTULOS	PROXECTO DE ORZAMENTO 2018	ORZAMENTO 2017	VARIACIÓN % 18/17
1 IMPOSTOS DIRECTOS	107.973.311,88	105.386.182,34	2,45%
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	8.435.311,27	7.871.804,00	7,16%
3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	39.812.438,63	38.326.169,63	3,88%
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	75.402.392,60	76.081.437,56	-0,89%
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	2.403.000,00	2.178.000,00	10,33%





OPERACIONS CORRENTES	234.026.454,38	229.843.593,53	1,82%
6 ENAXENACIÓN INVERSIÓNS REAIS	3.300.000,00	2.500.000,00	32,00%
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	18.545.241,76	80.000,00	23.081,55%
OPERACIONS DE CAPITAL NON FINANC.	21.845.241,76	2.580.000,00	746,71%
INGRESOS NON FINANCEIROS	255.871.696,14	232.423.593,53	10,09%
8 ACTIVOS FINANCEIROS	671.000,00	671.000,00	0,00%
9 PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00%
OPERACIONS FINANCEIRAS	671.000,00	671.000,00	0,00%
TOTAL INGRESOS	256.542.696,14	233.094.593,53	10,06%

Polo que se refire á estrutura do Proxecto de Orzamento de Ingresos para o ano 2018, os ingresos correntes supoñen o 91,22 por cento do total, e os de capital o 8,78 por cento, incrementándose notablemente a contía e importancia relativa dos ingresos de capital sobre os correspondentes ao exercicio precedente como consecuencia das subvencións de capital previstas no capítulo VII do estado de ingresos (fondos FEDER e Deputación de Pontevedra, como temos visto).

Os Ingresos Tributarios (Capítulos 1 e 2 e artigos 30, 31, 32, 33 e 35 do Capítulo 3) son os recursos máis importantes, xa que supoñen o 56,50% por cento dos ingresos totais. Dentro destes ingresos tributarios, os impostos directos representan o 74,49 por cento destes, os indirectos o 5,82 por cento e as taxas o 19,69 por cento restante.

- Capítulos 1 a 3.

En primeiro lugar, debe subliñarse que a estimación dos ingresos correntes presupostados (capítulos 1 a 3) se realizou sobre a base de criterios de prudencia, de maneira que os importes consignados no orzamento se aproximan aos importes que se espera recadar efectivamente, o que implica unha aproximación ao criterio de contabilidade nacional de imputación dos ingresos fiscais e asimilados polo importe total cobrado -criterio de caixa-, e evita en boa medida que a capacidade ou necesidade de financiamento da administración pública se vexa afectada polos importes dos ingresos cuxa recadación sexa incerta (Regulamento (CE) 2516/2000).

En efecto, podemos comprobar como nos catro últimos exercicios liquidados (2013 a 2016) a recadación total, tanto de exercicio corrente coma de pechados, obtida polos capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos considerados no seu conxunto aproximouse aos importes inicialmente presupostados.

2016	PREV. INIC.	REC. CORRENTE	REC. PECHADOS	REC. TOTAL	DIFERENCIA	%
CAP. 1	103.831.645,34	98.456.280,71	6.326.970,50	104.783.251,21	951.605,87	0,92%





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

CAP. 2	7.709.710,00	8.118.181,78	119.718,90	8.237.900,68	528.190,68	6,85%
CAP. 3	36.706.577,19	35.471.043,81	2.791.747,25	38.262.791,06	1.556.213,87	4,24%
TOTAL	148.247.932,53	142.045.506,30	9.238.436,65	151.283.942,95	3.036.010,42	2,05%

2015	PREV. INIC.	REC. CORRENTE	REC. PECHADOS	REC. TOTAL	DIFERENCIA	%
CAP. 1	102.241.340,00	95.724.250,18	7.318.176,71	103.042.426,89	801.086,89	0,78%
CAP. 2	6.501.120,00	8.203.868,56	97.923,76	8.301.792,32	1.800.672,32	27,70%
CAP. 3	35.251.477,40	34.326.199,95	3.175.969,49	37.502.169,44	2.250.692,04	6,38%
TOTAL	143.993.937,40	138.254.318,69	10.592.069,96	148.846.388,65	4.852.451,25	3,37%

2014	PREV. INIC.	REC. CORRENTE	REC. PECHADOS	REC. TOTAL	DIFERENCIA	%
CAP. 1	102.241.340,00	93.887.275,01	8.053.600,44	101.940.875,45	-300.464,55	-0,29%
CAP. 2	6.501.120,00	7.443.156,69	58.379,38	7.501.536,07	1.000.416,07	15,39%
CAP. 3	35.251.477,40	34.063.709,59	2.857.363,54	36.921.073,13	1.669.595,73	4,74%
TOTAL	143.993.937,40	135.394.141,29	10.969.343,36	146.363.484,65	2.369.547,25	1,65%

2013	PREV. INIC.	REC. CORRENTE	REC. PECHADOS	REC. TOTAL	DIFERENCIA	%
CAP. 1	101.703.710,00	92.224.924,69	6.438.370,03	98.663.294,72	-3.040.415,28	-2,99%
CAP. 2	6.749.060,00	6.099.230,96	300.940,86	6.400.171,82	-348.888,18	-5,17%
CAP. 3	35.051.477,40	35.420.138,83	3.090.533,72	38.510.672,55	3.459.195,15	9,87%
TOTAL	143.504.247,40	133.744.294,48	9.829.844,61	143.574.139,09	69.891,69	0,05%

Para o cálculo dos ingresos previstos no informe económico-financieiro do Presuposto de ingresos, utilizáronse as seguintes informacións:

- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2016 e a recadación de cada un dos conceptos.
- A execución de ingresos durante o presente exercicio 2017.
- Unha estimación de ingresos para o ano 2018 derivada do acordo plenario de 6 de setembro de 2017.
- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos no marco do Plan de Control tributario de 2018 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizará os Servizos de Xestión Tributaria.
- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada.

A xuízo desta Intervención, o cálculo dos importes que aparecen consignados nos capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos, e as súas variacións con respecto ás dos exercicios precedentes, deberían detallarse e xustificarse pormenorizadamente no informe





económico financeiro de ingresos elaborado pola dirección de ingresos, excesivamente descriptivo, se ben estímense adecuadas as previsións incluídas no mesmo.

- **Fondo complementario de financiación e Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma.**

As previsións de ingresos que proveñen da Administración Xeral do Estado, concepto 42010, que figuran no orzamento para o ano 2018, foron cuantificadas tomando como referencia as notificadas polo Ministerio de Facenda (Secretaría de Estado de Facenda e Orzamento) para a elaboración do orzamento do ano 2017, xa que na data de elaboración do proxecto de orzamento pola Dirección Superior Contable e Orzamentación, non foi oficialmente comunicada a contía correspondente ao exercicio 2018. O importe do FCF incrementábase nun 1,50%, e dedúcense as compensacións polas liquidacións negativas pola Participación nos Tributos do Estado correspondentes aos anos 2008 e 2009, toda vez que estas deducións son practicadas mensualmente polo Estado nas entregas a conta. Sobre esa contía, engadéselle a liquidación prevista do FCF do ano 2016 que será ingresada no ano 2018, estimada en 1,45 millóns de euros.

En canto á Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, mantense a contía dos anos 2014, 2015, 2016 e 2017, en 6.199.366,92 euros.

- **Alleamento de investimentos reais (XMU).**

Como xa fixemos constar no informe de intervención ao proxecto de orzamento da XMU para o ano 2018 que obra no expediente, no capítulo VI do orzamento de ingresos da XMU ("Alleamento de investimentos reais"), e, polo tanto, no orzamento consolidado, figuran os conceptos de ingresos 60300 "Aplicación de Alleamento de PMS. Adq. Panificadora" e 60305 "Alleamento do PMS. Avda. Europa" por un importe de 2,5 e 0,8 millóns de euros respectivamente. A este respecto o informe económico-financiero do orzamento da XMU di textualmente que: "(.../.) *incorpórase o concepto de alleamento de elementos do PMS, no que se inclúe a monetarización do patrimonio municipal do solo, como consecuencia do alleamento de bens que integran dito PMS (esencialmente as vivendas da rúa República Argentina vendidas nos últimos exercicios). O importe de 3.300.000,00 euros, que figura neste concepto, está garantido pola existencia dun saldo, a día de hoxe, da conta non orzamentaria 55438 "ingresos PMS pendentes de aplicar" (4.073.462,28 euros, a día de hoxe).*"

Tal e como xa dixemos, o feito de considerar no proxecto de orzamento para o ano 2018 ingresos xa realizados con anterioridade ao 1 de xaneiro do citado exercicio non é congruente co principio de anualidade recollido, entre outros, no artigo 163 do TRLRFL¹², aínda cando se trate de ingresos pendentes de aplicar ao orzamento e que, polo tanto, forman parte do Remanente de Tesourería da Entidade, como é o suposto que nos ocupa. Neste sentido o artigo 104.4 do RP dispón en boa lóxica que o Remanente de Tesourería non poderá financiar os créditos iniciais do orzamento de gastos, senon que o citado Remanente, cando sexa positivo, constitúe un recurso para o financiamento de modificacións de créditos no orzamento (artigo 104.2 do RP).

¹² O artigo 163 do TRLRFL dispón que o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el imputaranse os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período de que deriven.





En canto ao destino, o artigo 134 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, establece que os bens do patrimonio público do chan deben ser destinados a algún dos seguintes fins:

- a) Construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.
- b) Actuacións públicas de interese social e as vinculadas á propia planificación e xestión urbanística, en especial ao pago en especie, mediante permuta, dos terreos destinados a sistemas xerais e locais de dotacións públicas, ou a gastos de recollo e retorno e pago de indemnizacións ou justiprecios por actuacións urbanísticas.
- c) Conservación e mellora do medio ambiente, do medio rural e do patrimonio cultural construído.
- d) Creación de chan para o exercicio de actividades empresariais compatibles co desenvolvemento sustentable.
- e) Conservación, xestión e ampliación do propio patrimonio público do chan.
- f) Aqueloutras finalidades previstas na lexislación vixente.

Polo tanto, o produto da monetarización do PMS, como consecuencia do alleamento dos bens que o integran, constitúe un recurso afectado ao cumprimento das finalidades impostas pola lexislación urbanística polo que, ao tratarse de ingresos que deben destinarse a financiar gastos orzamentarios específicos que supoñen o desenvolvemento do exercicio de competencias que legalmente ten atribuídas a Entidade Local, trátase dun ingreso finalista de carácter orzamentario que debe de recollese no correspondente concepto orzamentario dos artigos 60 ou 61 de ingresos, segundo a natureza da operación de que se trate, conforme aos criterios de imputación recollidos na normativa orzamentaria e contable.

Pola súa beira, o artigo 5 do TRLRFL establece que: *“Os ingresos procedentes do alleamento ou gravame de bens e dereitos que teñan a consideración de patrimoniais non poderán destinarse ao financiamento de gastos correntes, salvo que se trate de parcelas sobrantas de vías públicas non edificables ou de efectos non utilizables en servizos municipais ou provinciais”.*

En definitiva, o feito de recoller ingresos xa realizados nas previsións iniciais do orzamento de ingresos deriva do feito de que, tal e como se fai constar no informe económico-financeiro, o importe obtido polo alleamento de bens integrantes do PMS figura contabilizado de forma provisional nunha divisionaria da conta non orzamentaria 554 “Cobros pendientes de aplicación” con carácter previo a súa aplicación definitiva, aplicación que deberá realizarse en todo caso con carácter previo ao inicio do expediente de gasto correspondente. A razón desta operativa contable parece radicar na non existencia, ata o de agora, dun proxecto de gasto ou unidade de gasto orzamentario perfectamente identificable tal e como aparece definido na regra 21 da ICAL.

No que atinxe á vertiente do gasto, no capítulo 6 do estado de gastos “Inversións reais” constan como contrapartida aos conceptos de ingresos 60300 e 60305 as aplicacións orzamentarias de gastos 1510 6000001 “Compra e Expropiación de bens urb. avda. Europa” por importe de 700.000,00 euros, 1510 6090010 “1ª anualidade Urbanización Avd. Europa” por importe de 100.000 euros, e 1510 6210000 “Recuperación Plan Panificadora” por





importe de 2.500.000,00 euros, verificándose deste xeito o cumprimento das limitacións de destino impostas pola lexislación urbanística e orzamentaria. En todo caso, os proxectos de gasto identificados cos códigos 18151001, 181510007 e 18151020 deberá ser obxecto do adecuado control e seguimento contable para garantir que os recursos afectados dedícanse ás finalidades previstas legalmente.

Endebedamento.

No capítulo 9 de ingresos non aparece consignado importe algún dado que o Concello de Vigo non prevé a contratación durante o exercicio 2017 de ningunha operación de endebedamento a longo prazo para financiar as súas inversións, en congruencia co disposto no plan de investimentos e no programa financeiro.

Undécimo.- Endebedamento.

Tendo en conta, como dixemos ao longo do presente informe, que o Concello de Vigo e a XMU non teñen operacións de crédito pendentes de reembolso, o coeficiente de endebedamento é do 0,00%.

Duodécimo.- Tramitación e competencia.

De conformidade co disposto no TRLRFL, LRBRL e Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo, o procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente de aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo comprende as seguintes fases sucesivas:

- **Aprobación do proxecto.** Aprobación do proxecto de orzamentos pola Xunta de Goberno local (art. 127.1 b) LRBRL).
- **Presentación de emendas.** Remisión do proxecto aprobado pola XGL á Comisión de Facenda cara á determinación do calendario de tramitación e apertura do prazo para a presentación de emendas polos Grupos Políticos con representación municipal.
- **Elevación ao Pleno.** Ditame da Comisión de Facenda para a posterior elevación ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, emenda ou devolución.
- **Aprobación inicial.** Aprobación inicial do orzamento xeral polo Pleno da Corporación, por maioría simple dos membros presentes. O acordo de aprobación, que será unico, deberá detallar os orzamentos que compoñen o orzamento xeral, sen que ningún deles poida ser aprobado por separado.
- **Publicidade.** Exposición ao público do expediente por espazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno.
- **Aprobación definitiva.** O orzamento considerarase definitivamente aprobado si durante o prazo de exposición pública non se presentaran reclamacións; noutro caso, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.





A aprobación definitiva do orzamento xeral por el Pleno da corporación haberá de realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse.

Se ao iniciarse o exercicio económico non houberse entrado en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177, 178 e 179 desta lei e ata a entrada en vigor do novo orzamento.

- **Publicación e entrada en vigor.** Publicación do orzamento xeral definitivamente aprobado, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integren, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e, simultaneamente, remisión de copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

No que respecta é entrada en vigor, temos que distinguir dous supostos:

- Se o edicto anunciando a aprobación definitiva publícase no BOP antes de comezar o exercicio económico no que o orzamento deba rexer, a entrada en vigor producirase o 1 de xaneiro seguinte.
- Se a publicación efectúase xa iniciado o exercicio, o orzamento entrará en vigor o día da publicación, se ben, conforme ao artigo 21.6 do RP o orzamento definitivo aprobábase con efectos do 1 de xaneiro e os créditos incluídos nel terán a consideración de créditos iniciais. As modificacións e axustes efectuados sobre o orzamento prorrogado se entenderán feitas sobre o orzamento definitivo, salvo que o pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións ou axustes considéranse incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse os mesmos.

CONCLUSIÓNS:

Visto o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2018, integrado polo orzamento do propio Concello e o orzamento do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, presentado polo concelleiro delegado de orzamentos e facenda, esta Intervención Xeral conclúe o seguinte:

- Ao proxecto de orzamento xeral acompañáñanse con carácter xeral os anexos e documentación complementaria esixidos nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL.
- O proxecto de orzamentos presentado axústase á estrutura orzamentaria da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Ningún dos orzamentos que integran o proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo presenta déficit inicial.





- O proxecto de orzamento consolidado do Concello de Vigo e a XMU para o ano 2018 presenta un superávit por operacións correntes de 13.917.085,15 euros, un saldo orzamentario non financeiro de 0,00 euros (equilibrio), un aforro bruto de 12.783.985,15 euros, e un aforro neto orzamentario de idéntica contía, polo que se presenta equilibrado e nivelado dende unha perspectiva orzamentaria.
- En canto aos gastos do capítulo I (Gastos de Personal), na fase de execución e liquidación deberá verificarse o cumprimento das limitacións á contía global dos complementos específico, de produtividade e gratificacións establecidas no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local. Por outra parte, conforme á evolución tendencial do gasto nos exercicios precedentes, as dotacións iniciais das aplicacións orzamentarias que recollen os gastos de produtividade 9200.1500000, gratificacións 9200.1510000, personal indefinido por sentenza 9200.1430001, e personal temporal non permanente 9200.1400000, previsiblemente non serán suficientes para atender as obrigas xeradas con cargo ás mesmas, polo que deberán dotarse mediante a/as oportuna/s modificacións de créditos que se tramiten con cargo ás dotacións non consumidas como consecuencia da existencia dun elevado número de prazas vacantes non cubertas dotadas orzamentariamente, sen prexuízo da posibilidade de racionalización do orzamento mediante a amortización das prazas non necesarias, de ser o caso, e o incremento dos créditos das aplicacións deficitarias.
- No ano 2018 non se prevé concertar novas operacións de crédito a longo prazo, financiándose a totalidade dos gastos de capital non financeiros previstos no orzamento -inversións e transferencias de capital- con superávit corrente non financeiro e transferencias de capital.
- O proxecto de orzamento consolidado do Concello de Vigo e a XMU cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, botando unha capacidade de financiamento de 2.654.066,52€.
- As Bases de Execución dos Orzamentos para o exercicio 2018 incorporan o contido mínimo establecido no TRLRFL e no RO.
- As aplicacións orzamentarias incluídas no estado de gastos están dotadas de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos.
- Estímanse adecuadas as previsións que aparecen consignadas no orzamento de ingresos.

Por todo canto antecede, en cumprimento do preceptuado no artigo 168.4 do TRLRFL, esta Intervención emite o presente informe ao proxecto de Orzamento xeral do Excmo. Concello de Vigo e o seu organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2018, elaborado pola concellería de orzamentos e facenda, facendo constar as seguintes recomendacións.

Recomendacións:





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

- Resultaría convinte que na documentación que integra o expediente orzamentario – memoria, informe económico-financiero ou bases de execución dos orzamentos-, se motive ou xustifique adecuadamente a concesión das subvencións previstas nominativamente nos estados de gastos dos orzamentos, precisando o seu obxecto.
- Resultaría recomendable que na fase de elaboración das Bases de Execución dos Orzamentos tiveran participación ou audiencia as diferentes Áreas e/ou Servizos chamados a cumprilas. Asimesmo, resultaría recomendable a incorporación dun informe xurídico para garantir a súa corrección xurídica naquelas materias que non sexan especificamente as correspondentes á execución orzamentaria.
- Durante o exercicio orzamentario, deberá extremarse o control e seguimento dos gastos financiados cos créditos do capítulo 6 (inversións), para garantir o cumprimento do principio de anualidade dos créditos, e non por en risco a estabilidade orzamentaria anual nin a superación do teito de gasto como consecuencia da tramitación de expedientes de incorporación de remanentes de crédito.

Vigo, na data indicada
O Interventor Xeral,
Asdo.: Alberto Escariz Couso
documento asinado electrónicamente



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 28/12/2017 16:49	Páxina 33 de 33
Expediente 49/142	CSV: 22EE4-EEDAE-C4222-DB2BB	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		